



**Expediente núm.:** 2276/2023

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

## RESOLUCIÓN

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 2 de outubro de 2025, para a provisión mediante oposición de unha praza de Coordinador/a lixo condutor/a para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4045.

Vista a acta emitida polo Tribunal Cualificador en relación ao proceso selectivo para unha praza de Coordinador/a lixo condutor/a que se transcribe a continuación:

*“O Tribunal, á vista das cualificacións finais obtidas, propón á Alcaldía nomear a DAVID GOMEZ OROZA con DNI\*\*\*9863\*\* para ocupar a praza de Coordinador lixo condutor, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4045, ao obter a maior cualificación final.”*

Vista a base décimo segunda das bases xerais que rexen o proceso, establécese que” Determinada a cualificación final dos aspirantes o Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal [www.concellodefoz.es](http://www.concellodefoz.es) e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de aprobados, na que constará o aspirante seleccionado, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de aprobados conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionados, para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.”

De conformidade co disposto na base décimo terceira, e de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. **RESOLVO:**

Primeiro.-Declarar a seguinte relación definitiva de aprobados, a DAVID GOMEZ OROZA con DNI\*\*\*9863\*\*.

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal [www.concellodefoz.es](http://www.concellodefoz.es), no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica e no BOP, constando a advertencia de recordar á persoa aspirante proposta que deberá presentar, no prazo de 20 días hábiles, a documentación sinalada na base décimo cuarta das bases xerais, para xustificar que cumpre os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

Terceiro.- Unha vez que xustifique documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como persoal laboral fixo, do candidato proposto

Mándao e asíno en Foz (Lugo) o día da sinatura electrónica que se indica na marxe da presente, ante min , o Secretario, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde,  
Francisco Cajoto Caserío

A Secretaria en acumulación,  
María Luz Balsa Rábade.

**ASINADA DIXITALMENTE Á MARXE**

